

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión extraordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 13 de xaneiro de 2022 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento.
- * Aprobación da memoria para a solicitude de verificación do título de máster en enxeñaría aeronáutica.
- * Aprobación dunha modificación no artigo 6 do Regulamento polo que se establece o réxime de cambio de centro en titulacións de grao co mesmo plan de estudos na UVigo.
- * Aprobación dunha comisión de servizo no Departamento de Dereito público especial: Emma Rodríguez Rodríguez.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.